

Interbidera: Liberar o futuro

O próximo mes de setembro comezarán a xulgar a 47 cidadáns e cidadás vascas, tendo que facer fronte a unha petición fiscal cuxa suma alcanza os 601 anos de prisión. Ante un feito tan grave como este, queremos sinalar o seguinte:

Que o xuízo que pretende castigar a estas 47 persoas e o seu traballo, agora igual que antes, está fóra de lugar e tempo, chocando cos desexos de paz e xustiza da cidadanía vasca.

A sociedade vasca quere avanzar e para afrontar o futuro coas mellores garantías é necesario pechar as feridas e resolver os nós do pasado. Non debemos inventar novas cadeas e non queremos novos nós que nos aperten se cadra máis. Non precisamos pedras no camiño e non queremos que se abran novas feridas e se xere máis dor. Sen dúbida, o noso pobo mira ás solucións, quere ir cara adiante e non estamos dispostos/as a aceptar situacións que nos leven cara atrás.

A convivencia, a paz e a xustiza son tesouros moi prezados para calquera sociedade, tamén para a nosa. Debemos responder a ese desexo da sociedade vasca e parar os procesos creados e inventados no marco dunha lóxica de conflito, para que non contaminen o presente que estamos a construír.

Queremos construír unha nova sociedade, e estamos convencidas de que os valores e a sensibilidade respecto aos dereitos fundamentais forxados durante estes anos, son os cimentos sobre os que construíla: O respecto a todos os dereitos humanos de todas as persoas, os dereitos colectivos, a solidariedade, a empatía e a convivencia. O futuro é a casa común que temos que construír entre todos e todas, pola vía do diálogo e o respecto a todos os dereitos.

Por iso, os/as asinantes deste manifesto, non falamos únicamente das 47 persoas que serán xulgadas en setembro. As persoas, axentes e institucións que vivimos no país conformamos unha sociedade aberta e plural, desexosa de continuar o camiño emprendido. Por iso, mediante o presente texto, ademais de denunciar o proceso xudicial aberto, adherímonos á

manifestación convocada o 14 de setembro en Bilbao.

Convertamos este xuízo que nos quere levar ao pasado nunha porta ao futuro. Sigamos abrindo camiño. Liberar o futuro é cousa de todas/os.